

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Acordo de concesión definitiva de becas a deportistas individuais do concello de Porto do Son 2021

Acordo de concesión definitiva de becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2021

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía número 2021 – 1531, do 21 de decembro, aprobouse a concesión definitiva das becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2021, que se transcribe co seguinte teor literal:

“Descrición decreto: Avocación de competencias

Expediente: 279/2021

Asunto: Aprobación da concesión definitiva de becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2021 e orde de pagamento.

D. JOSÉ LUIS OUJO POUISO, Alcalde-Presidente do Concello do Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), AVOCA a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante decreto 2019 – 0544 do 1 de xullo en relación co expediente 279/2021:

Antecedentes

Vista a Ordenanza aprobada polo Pleno na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 08/07/2021, pola que se establecen as bases reguladoras para o outorgamento de becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son (BOP núm. 172 do 09/09/2021).

Visto a convocatoria para a concesión de becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son 2021, publicada no BOP núm. 187 do 30/09/2021, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (núm. Convocatoria 585357).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/2021 polo que se aproba a concesión provisional de becas, publicada no BOP num. 229 do 01/12/2021.

Visto o informe do órgano instrutor coa proposta de concesión definitiva das axudas do día 20/12/2021 e o certificado de secretaría coa mesma data de que non constan presentadas alegacións á proposta provisional.

A Intervención emitiu informe núm. 2021 – 0365 de fiscalización previa limitadas das fases DO o día 21/12/2021.

Considerando o establecido na base 8ª da convocatoria para a concesión definitiva das subvencións, e segundo o disposto na base 9ª da convocatoria en relación co previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, para o pagamento da subvención.

Visto canto antecede, **ACORDAR:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a aprobación da concesión definitiva e o pagamento das becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son.

Segundo.- Aprobar a concesión definitiva das becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son, aos seguintes beneficiarios e polos seguintes importes:

N.º rex.	Beca	Puntuación	Importe
6349	A	139	2.000,00 €
6435	B	16	1.000,00 €
6388	C	20	688,00 €
6370	C	5	172,00 €
6236	C	4	137,60 €

Terceiro.- Denegar a axuda ás seguintes persoas solicitantes polo motivo exposto:

N.º rex.	Beca	Puntuación	Importe	Motivo denegación
6400	C	1	0,00 €	Non acada a puntuación mínima, segundo a base 5, epígrafe 2.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no BOP, segundo o establecido na base 8ª da convocatoria, así como no taboleiro da sede electrónica do Concello.

Quinto.- Imputar os gastos derivados do recoñecemento das obrigas correspondentes á aplicación orzamentaria 341.48000 e ordear o seu pagamento con data de publicación no BOP.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Instrutor e aos departamentos de Deportes e Intervención aos efectos oportunos.

Sétimo.- Ratificar o presente acordo na primeira sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre.”

Porto do Son, 21 de decembro de 2021

O ALCALDE

Asdo. José Luis Oujo Pouso

2021/8790